



camino
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

CAMIÑO ESCENA NORTE 2024

ITINERARIO CONSTELACIONES

Documento explicativo e bases de participación

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

QUE É O ITINERARIO CONSTELACIÓNS DO PROXECTO CAMIÑO ESCENA NORTE?

Camiño Escena Norte é un proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas que pretende conectar a produción cultural de Navarra, Euskadi, Cantabria, Asturias e Galicia tomando como referencia e fío condutor o percorrido dos Camiños a Santiago de Compostela, rutas que poñen en contacto estes 5 territorios e sobre as que queremos crear un territorio cultural común, cunha relación fluída no intercambio e a relación cultural entre os nosos sectores escénicos que ata o de agora non existía.

Camiño Escena Norte é un proxecto promovido polas entidades profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega** (Galicia), **EscenAsturias** (Asturias), ACEPAE (Cantabria), **Eskena** (Euskadi) e **ESNA** (Navarra), unidas na supraentidade **Camiño Escena Norte Agrupación de Interese Económico**, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

Camiño Escena Norte estrutura a súa programación en dous grandes eixos.

Por unha banda, o **Itinerario Constelacións**, columna vertebral do proxecto, é o itinerario de funcións de teatro, danza ou novo circo que conforma o eixo central da proposta. Está baseado por suposto no intercambio, as producións dunha das Comunidades xiran por distintos espazos das outras Comunidades implicadas no proxecto.

As compañías de **GALICIA** actuarían en Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.
As compañías de **ASTURIAS** actuarían en Galicia, Cantabria, Euskadi e Navarra.
As compañías de **CANTABRIA** actuarían en Galicia, Asturias, Euskadi e Navarra.
As compañías de **EUSKADI** actuarían en Galicia, Asturias, Cantabria e Navarra.
As compañías de **NAVARRA** actuarían en Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi.

Os criterios de selección dos espectáculos estarán baseados na calidade, diversidade de linguaxes e estéticas e valor cultural dos mesmos. Este proxecto nace coa intención de mostrar e mostrarnos o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios que imos unir por medio deste novo camiño. A programación escénica de **Camiño Escena Norte** será por tanto de tipo xeral, tentando que en cada edición estea presente unha

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

variedade de espectáculos dirixidos a público tanto infantil e familiar como adulto, de distintas disciplinas, linguaxes e estéticas.

Doutra banda, o **Camiño Expandido** dá acubillo a todas as actividades que acompañan este itinerario de espectáculos e funcións, creando un contexto para a programación nos eidos da participación, a relación cos públicos, a promoción da interculturalidade ou as sinerxías profesionais, con encontros profesionais, debates, obradoiros ou un programa de residencias artísticas baseado no intercambio.

Camiño Escena Norte estenderá a súa programación oficial en 2024 durante 6 semanas, entre o venres 13 de setembro e o domingo 27 de outubro. En canto aos días habis para a programación dos espectáculos do **Itinerario Constelacións** esta estará centrada de xoves a domingo.

Para máis información sobre o proxecto pódese consultar a web www.escenanorte.com ou as redes sociais @escenanorte.

Para dúbidas sobre a inscrición de espectáculos no **Itinerario Constelacións** estará dispoñible o enderezo de correo electrónico coordinacion@escenanorte.com, en horario de 10.00 a 18.00 h.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

BASES DE PARTICIPACIÓN NO *ITINERARIO* *CONSTELACIÓNS DE CAMIÑO ESCENA NORTE 2024*

1. Cada compañía poderá presentar un (1) espectáculo. Non se terá en conta a data da estrea do mesmo. Poderán así mesmo presentarse espectáculos non estreados sempre que se poida achegar información abondo e material para valorar a produción. Será obrigatorio presentar un vídeo completo da proposta. A programación está aberta a espectáculos de compañías/productoras que operen única e exclusivamente no eido profesional, e que teñan enderezo social nalgunha das 5 Comunidades implicadas no proxecto, desenvolvendo así mesmo o seu labor profesional habitual nestes territorios.
2. A programación de espectáculos contará cunha presenza equilibrada de linguaxes escénicas e formatos dentro das claves de espectáculos de artes escénicas (clásico, contemporáneo, danza, teatro de texto, novo circo, espectáculos unipersoais, teatro para a infancia, para público adulto...), sempre tendo en conta as características das producións que finalmente concorran. Atendendo ao actual marco orzamentario do proxecto a organización marca un límite máximo de 8.000 € + IVE por caché para 1 función, como o asumible en termos económicos. Non se contemplan para a programación os espectáculos de carácter exclusivamente musical (concertos, corais, espectáculos onde a parte escénica non sexa predominante).
3. En canto aos espazos do *Itinerario Constelacións* nas 5 Comunidades trabállase nun censo no que se asegura a presenza maioritaria de espazos á italiana (teatros, auditorios), pero tamén espazos non convencionais (exterior, espazos patrimoniais), que contarán estes últimos coa produción técnica necesaria para o desenvolvemento dos espectáculos.
4. As compañías poderán participar co espectáculo en calquera das 4 linguas oficiais/ presentes nas Comunidades que forman parte do programa: galego, asturianu, castelán e eúscaro, así como en dúas delas (por exemplo en eúscaro e castelán se a compañía ten as dúas versións do espectáculo) En ningún caso o feito de presentar a produción nunha ou outra lingua suporá unha vantaxe ou desvantaxe á hora de ser seleccionada.
5. No caso de presentar espectáculos en galego, asturianu ou eúscaro, e por mor das características do proceso de selección, prégase ás compañías que acheguen, na

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

medida do posible, os materiais en texto tamén en castelán, así como os vídeos subtitulados a esta lingua (ver proceso de selección no punto 9)

6. Así mesmo, e aínda que tanto a información da convocatoria como a ficha de inscrición están en versión galego, asturianu, castelán e eúscaro, prégase ás compañías que cubran a información en castelán (ver proceso de selección no punto 9)

7. Se foran seleccionados espectáculos en galego, asturianu ou eúscaro as funcións poderían contar cunha mediación técnica en formato de tradución/subtitulado das pezas sobre a que a organización traballará segundo as características e posibilidades dos espazos. Neste caso requirirase a colaboración da compañía para facilitar os textos e responder calquera tipo de dúbida ou cuestión que xurda durante o proceso de tradución/subtitulado.

8. **Camiño Escena Norte** centra os seus esforzos nunha estratexia sostible de organización das funcións dunha mesma compañía no itinerario, de forma que estas agruparanse no tempo e ámbito xeográfico todo o posible, tendo en conta a dispoñibilidade de datas das compañías así como as distintas cuestións organizativas e de produción a ter en conta na estruturación da programación.

9. Os espectáculos serán seleccionados por 5 comisións profesionais, unha en cada Comunidade, de persoas expertas (programadores/as, profesionais da crítica, representantes de institucións culturais do eido das artes escénicas, profesionais independentes do sector, profesorado das Escolas Superiores de Arte Dramática...) que decidirán non sobre os espectáculos presentados dende a súa propia Comunidade senón sobre os doutra das Comunidades participantes no proxecto (por exemplo, a comisión profesional de Galicia decidirá sobre os espectáculos candidatos desde Asturias, Cantabria, Euskadi ou Navarra).

10. Estas comisións estarán formadas por cinco persoas (5) máis unha sexta que actuará como secretario/a con voz pero sen voto, que levantará acta da reunión, á que terán acceso todas as compañías presentadas. Neste caso será unha persoa relacionada cunha das asociacións promotoras do proxecto.

11. Refórzase por tanto o sistema de selección cun conxunto ampliado de comisións de persoas expertas en cada un dos 5 territorios. Cada unha das comisións territoriais pasará a ter de tres (3) a cinco (5) membros, sendo a selección levada a cabo por un total de 30 expertos e expertas que traballarán de xeito colexiado. Nun proceso o máis

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

transparente e garantista posible realizarase unha selección primeiro individual por parte de cada persoa experta e despois realizarase unha comisión grupal da que sairán as propostas seleccionadas por estas comisións.

12. As comisións profesionais decidirán unha batería de seis (6) espectáculos de cada Comunidade, que serán elixidos sen unha orde correlativa e que pasarán a formar parte do **Catálogo de Espectáculos Recomendados Camiño Escena Norte**, cun número total de trinta (30) propostas ás que tamén se lles outorgará o selo **Espectáculo Recomendado Camiño Escena Norte**, ambas cuestións como marca de calidade que sirva para a promoción e apoio á distribución dos mesmos fóra do ámbito do proxecto. Este catálogo editarase en formato dixital, facéndollo chegar aos e as profesionais da programación das Comunidades do proxecto, así como a unha selección de profesionais do resto do Estado.

13. De entre os espectáculos incluídos no catálogo deseñárase a programación definitiva e selección de quince (15) espectáculos (3 por Comunidade) do **Itinerario Constelacións**, atendendo a criterios de diversidade de linguaxes e estéticas, adecuación orzamentaria, sentido da proposta no conxunto da programación, necesidades de produción ou dispoñibilidade de datas tanto de compañías como de espazos sede. O deseño do itinerario será por tanto o resultado dun traballo co-programación entre os espazos sede e a organización de **Camiño Escena Norte**. Os días habís para a programación de espectáculos serán de xoves a domingo entre o venres 13 de setembro e o domingo 27 de outubro de 2024.

14. O calendario do proceso de selección de espectáculos para o **Itinerario Constelacións 2024** será o seguinte:

Do luns 5 ao venres 16 de febreiro_Convocatoria de inscrición de espectáculos.

Do luns 26 de febreiro ao luns 25 de marzo_Traballo das comisións (4 semanas).

Semana do luns 1 de abril_Xuntanza da comisión de selección de cada Comunidade (envío de actas e anuncio a todas as compañías presentadas).

Luns 29 de abril_Publicación do catálogo e envío a profesionais da programación e anuncio dos 15 espectáculos seleccionados definitivamente para xirar no **Itinerario Constelacións**.

15. As compañías que resulten seleccionadas comprométense á creación de contidos de comunicación e apoio á difusión do programa (imaxes, uso de hashtags), en contacto co equipo de comunicación de **Camiño Escena Norte**.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camión
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

16. As compañías que resulten seleccionadas comprométense así mesmo a participar das actividades de acompañamento arredor dos espectáculos (obradoiro previos, debates, *posfuncións*) sempre nas datas das funcións e tendo en conta os tempos e necesidades de montaxe, desmontaxe, preparación e descanso dos equipos. No caso de propoñer á compañía unha actividade de mediación específica que requira dunha preparación previa (por exemplo, un obradoiro) esta será aboada a maiores do caché da función.

17. As compañías seleccionadas comprométense a operar dentro dos marcos que establecen os convenios colectivos vixentes en cada Comunidade, así como calquera outra norma aplicable a nivel autónómico e/ou estatal que salvagarde o correcto funcionamento das dinámicas sectoriais. Este compromiso, no caso das compañías seleccionadas, reflectirase expresamente na relación contractual entre estas e a entidade organizadora: *Camino Escena Norte Agrupación de Interés Económico*.

18. A organización de **Camión Escena Norte** reserva o dereito de solicitar ás compañías toda canta documentación e información complementarias sexan necesarias para asegurar que todas as propostas presentadas cumpren co establecido nestas bases de participación, tanto no referente ao propio espectáculo como á actividade da compañía.

19. Participar no proceso de selección para o **Itinerario Constelacións** de **Camión Escena Norte** supón a aceptación destas bases.

20. LOPD: En virtude do art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), e seguindo tamén o Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD) vixente dende o 25 de maio de 2018, informamos que os seus datos de contacto están a ser tratados coa máxima confidencialidade estando incorporados a un ficheiro de contactos do cal é responsable unicamente a AIE Camino Escena Norte. Se o desexa poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, cancelación ou oposición, remitindo un correo electrónico ao enderezo info@escenanorte.com

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





www.escenanorte.com



PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:

